



Addenda á programación didáctica da materia de Música para os diferentes cursos da E.S.O.

AVALIACIÓN

Na programación didáctica do Departamento de Música para os diferentes cursos da E.S.O. no apartado **7.3. Criterios de calificación**, onde se concreta a obtención das cualificacións nas avaliacións parciais, manterase como está recollido en dita programación e eliminaremos o referente á avaliación extraordinaria, xa que esta desaparece.

Na primeira semana de xuño, os días 6 e 7, terá lugar a **3ª avaliación parcial**. Dita **avaliación** será **continua** de tal maneira que, aprobada esta 3ª avaliación, queda aprobada e superada a asignatura de Música no nivel que corresponda, para este curso 2021-2022.

A nota de dita avaliación calcularase seguindo os mesmos criterios recollidos na programación, no apartado **7.3. Criterios de calificación** e que explicito a continuación:

Cada avaliación, constará dunha ou máis probas escritas e/ou orais. Realizarase unha valoración persoal de cada alumno con relación aos datos obxectivos e subxetivos do seu traballo ao longo de cada trimestre: caderno, traballo, actitude, probas escritas, probas orais e actividades. A nota resultante será a suma de todos estes aspectos valorables acabados de mencionar da seguinte maneira:

- ***A parte teórica*** (probas teóricas escritas e/ou orais, e/ou traballos) contará un **60%** na nota da avaliación. Poderase realizar, se o profesor o considera oportuno, en cada trimestre, un traballo relacionado con algún dos xéneros musicais, estilos ou outros aspectos de interese relacionados ca historia da música que se den ó longo do mesmo. Deste xeito, a nota desta parte basarase na media entre o exame e o traballo realizado.

- **A parte práctica** (lectura e escritura de exercicios de linguaxe musical, e/ou interpretación vocal e instrumental de diferentes pezas musicais, e/ou práctica de diferentes danzas, así coma outros exercicios como a percusión corporal, realizados na clase ou aula virtual puntuable) contará un **30%** na nota da avaliación.
- As capacidades de expresión, comunicación, escoita activa, participación, esforzo, responsabilidade e comportamento cívico-social, necesarios para o desenvolvemento educativo dos alumnos, contará un **10%**.

Avaliación final:

- Terá lugar a partir do 23 de xuño.

- **Alumnado coa 3ª avaliación suspensa:**

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final, recuperarase a materia suspensa na 3ª avaliación mediante unha proba teórica sobre os contidos da materia, que contará un **90%** na nota final.

As capacidades de expresión, comunicación, escoita activa, participación, esforzo, responsabilidade e comportamento cívico-social, necesarios para o desenvolvemento educativo do alumno, contará un **10%** na nota final.

- **Alumnado coa 3ª avaliación aprobada:**

O período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final adicarase a actividades de ampliación dos contidos da materia. Ditas actividades poderán aumentar ata **1 punto** a nota final.

- **Alumnado coa materia pendente:**

Non hai alumnos coa Música pendente nos diferentes niveis educativos.